

O Plan de Saneamento de Pontearreas suporá un investimento de 40 millóns de euros

Páxina 3

Gonzalo Caballero candidato socialista á presidencia da Xunta

Páxina 8

Mondariz fai obras de reforma da Casa Consistorial

Páxina 9

1º Eco Free Trail CTR: Cerveira corre pela reflorestação

Páxina 11

A Alcadesa do Porriño solicita a baixa voluntaria do PSOE

Páxina 19



O Plan urbanístico de Pontearreas entra na recta final para a súa aprobación

Páxina 7

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Pontearreas

986 640 834

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

A Rapsodia Húngara do coruñés Miguel Iglesias gaña o II Concurso Nacional de Piano Mestre Soutullo na categoría de grao profesional

No grao elemental a pianista Carla Túñez gaña o primeiro premio cunha variación dun tema de Paganini de Isaac Berkowitsch

Madrid, Asturias e Galicia xa teñen algo máis en común, a Fundación Reveriano Soutullo entregou os premios do II Concurso Nacional de Piano Mestre Soutullo que este ano viaxarán a distintos puntos da xeografía peninsular. A Rapsodia Húngara nº8 de Franz Liszt e unha variación sobre un tema de Paganini de Isaac Berkowitsch fanse cos primeiros premios nos distintos graos profesional e elemental, respectivamente.

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a presidenta de honra da Fundación, María Victoria Gómez Soutullo, foron os encargados de entregar ao coruñés Miguel Iglesias Lista o primeiro premio

en grao profesional patrocinado polo concello de Ponteareas por valor de 1.000€. En segundo lugar quedou o madrileño David Fernández Leonyk que recibiu da man da presidenta do tribunal, Josefa Estarque, e do vocal, Enrique Goberna, o seu galardón. O terceiro premio do grao profesional foi para Alba Raña Barreiro do conservatorio profesional de Vigo.

No grao elemental o primeiro posto foi para Carla Túñez Camiña do conservatorio profesional de Pontevedra que recibiu da man da Concelleira de Cultura, Hortensia Bautista e do compositor Ángel Viro o seu galardón. Este primeiro premio tamén foi aportado polo concello de Ponteareas

cun valor de 600€ en metálico. O segundo premio de grao recaíu no asturiano Iván Patón do conservatorio de música de Gijón e o terceiro foi para Roberto Diz Parrondo do conservatorio profesional Manuel Quiroga de Pontevedra.

En canto aos accésits, o de grao profesional foi para Alba Raña Barreiro entregado pola Directora de Turismo, Nava Castro, e o de grao elemental para o pianista Iván Patón Álvarez. Na entrega de premios tamén estiveron outros concelleiros do goberno e da oposición.

O Alcalde de Ponteareas e a concelleira de Cultura agradecen a todos os e as pianistas participantes o seu paso polo concurso e aos membros do xurado, Josefa Estarque, presidenta do tribunal, Alejo Amoedo e Enrique Goberna, o seu traballo e colaboración.



Miguel Iglesias Lista recolle o primeiro premio en grao profesional.



Carla Túñez Camiña recibe o primeiro premio en grao elemental.

A XI Feira de Outono afianza o seu público e consolídase na axenda cultural do outono

O concello de Ponteareas a través da concellería de Cultura e Turismo que dirixe Hortensia Bautista fai un balance positivo da undécima edición da Feira de Outono e felicita aos organizadores por innovar un ano máis e ampliar a oferta de actividades e postos ofrecidos ao público.

Coorganizada polo Sindicato Labrego, Centro de Recuperación de Cultura Popular, pola Asociación Xuvenil Galiza Nova, a Asociación Soutea e polo Concello de Ponteareas a XI Feira de Outono sorprendeu aos participantes coa novidade do show cooking e os obradoiros de queixos para os máis cativos, destacando a alta participación en todas as actividades.

Nos cincocentos metros ca-

drados de carpa os visitantes descubriron produtos novos nos máis de trinta postos que apostaron por produtos de alta calidade ofrecendo tamén unha ampla variedade.

Co ánimo de ofrecer cada ano unha actividade diferente o obradoiro de queixos para os máis pequenos e pequenas resultou un éxito así como o show cooking ofrecido polo restaurante A Xanela Gastronómica. Novidades que completaron un programa que ademais de promocionar os produtos da gastronomía tamén difundiu coñecementos para achegarse ao mundo da micoloxía e promoveu as tradicións coa celebración do serán, organizado por Sadeo, e do magosto.

Entre as novidades deste ano tamén estivo premiar aos



participantes cun sorteo que repartiu centos de agasallos entre os clientes dos distintos postos.

A concelleira de Cultura salienta o récord de participación nas charlas e saídas micolóxicas.

Baile, charlas, música, gastronomía, obradoiros, saídas didácticas e tradición foron os ingredientes que un ano

máis atraíron a un numeroso público.

Organizadores e concelleira agradecen a todos os expositores a súa participación e colaboración e convidan a todos os asistentes a volver na vindeira edición na que, un ano máis, se recuperarán as tradicións festivas e gastronómicas do outono.

A obra de María Moreno súbese ao escenario do auditorio

O domingo 18 de novembro ás 18 horas o grupo Matrioshka Teatro subirá ao escenario do Auditorio Reveriano Soutullo de Ponteareas para representar a obra "Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos", que supón unha homenaxe á obra da escritora María Moreno, homenaxeada no pasado Día das Letras Galegas 2018.

Organizada pola concelleira de Cultura do Concello de Ponteareas, dirixida por Hortensia Bautista, e patrocinada pola Deputación de Pontevedra, a entrada é de balde ata completar aforo.

PONTEAREAS

O Plan Director de Saneamento de Ponteareas suporá un investimento de 40 millóns de euros

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, presentou o mércores 31 de outubro aos portavoces de todos os grupos da Corporación, o primeiro Plan Director de Saneamento Integral do Concello, un ambicioso proxecto, que contará cun investimento de preto dos 40 millóns de euros e que busca dar solución aos case que 8.000 veciños e veciñas que, nestes momentos, aínda carecen deste servizo público básico.

Xosé Represas, que estaba acompañado polo equipo técnico contratado para a elaboración desta Plan Director, salientou que, por vez primeira, "Ponteareas conta cun completo documento técnico que marca a folia de ruta para as obras de saneamento a realizar, priorizando actuacións e cunha previsión dos investimentos a realizar nos vindeiros anos para que todos os veciños conten con este servizo básico".

O obxecto do Plan Director de Saneamento é planificar e programar "de xeito razoado" este servizo tendo en conta a realidade territorial actual, así como as previsións avanzadas no modelo que contempla o planeamento urbanístico. O concello realiza este traballo á vez que se coordina coa enxeñería da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil que nestes intres traballa na mellora da EDAR actual da Moscadeiras e dos colectores principais no entorno de Ponteareas.

A proposta base consiste na execución da nova EDAR prevista no PXOM en Moreira que levaría consigo a execución dun interceptor paralelo ao río Tea desde a EDAR ata a incorporación do río Uma. Esta estación trataría as augas correspondentes a Moreira, San Mateo de Oliveira, Nogueira, Cristiñade, Guláns e seguindo pola bacía do río Uma recollería

zonas de Fontenla, Cumiari, Arcos, San Lourenzo e Santiago de Oliveira e incluso unha pequena parte de Celeiros.

O Plan de Saneamento Integral de Ponteareas tamén prevé as obras necesarias para levar as augas das zonas de Ribadetea, Arcos, Fontenla e as de outras pequenas zonas á actual EDAR.

Ademais, para núcleos de pequeno tamaño propónse o emprego de "sistemas de depuración ecolóxicos", un sistema polo que hai tempo avogaba o portavoz de EU, Lino Costas, con tecnoloxías brandas como humedais artificiais acompañados de pretratamentos e un tanque Imhoff de cara a reducir no posible o consumo eléctrico das instalacións. A medida que a poboación servida pola EDAR crece estes sistemas deben ser substituídos por biodiscos e complementados por outros elementos que permitan un



De esquerda a dereita Andrés Sampedro (PP), Lino Costas (EU), Cristina Fernández (BNG) e Chus Garrote (PSOE) co alcalde de Ponteareas, Xosé Represas na reunión sobre o Plan Director de Saneamento

rendemento adecuado e non incrementen en exceso as necesidades de superficie.

En consecuencia propóñense unha serie de actuacións que resultarían en 6 EDARs de máis de 250 habitantes —estas actuacións incluírían a mellora ou ampliación das tres existentes neste momento— Padróns, Prado, Bugarín, Guillade, Pías e Fozara. Outras 4 de entre 50 e 250 habitantes —Couso, Celeiros, Cillarga e Cor-

tellas-Paredes— e outras 5 solucións de tratamento para menos de 50 habitantes para aqueles núcleos de moi pequeno tamaño que se atopan máis apartados das redes de núcleos máis grandes.

"Para este goberno é fundamental traballar con planificación e organización e non con parches puntuais. Analizar e detectar problemas é o único xeito de atopar as mellores solucións", afirmou o alcalde.

Óptica mahen
mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Tribunal de Contas e Fiscalía archivan as denuncias do PP contra o goberno ponteareán

O Goberno local de Ponteareas deu a coñecer hoxe o arquivo das denuncias presentadas polo grupo municipal do Partido Popular contra o Executivo local e contra os técnicos municipais e da Deputación Provincial, pola certificación de catro obras realizadas con cargo ao Plan Concellos. Cómpre lembrar que Salvador Solla e Belén Villar, presentaron ante o Tribunal de Contas e a Fiscalía de Vigo as denuncias nas que acusaban ao Goberno de Ponteareas conformado de ter certificado e recepcionado obras sen rematar.

Para o alcalde "non son precisas máis palabras que as da propia Xustiza". Non quere Represas "entrar en batallas de descalificacións" pero reco-

méndalle ao PP de Ponteareas "que deixe de intentar destruír e intente construír" e, do mesmo xeito, "que deixe de obstruír a xustiza con denuncias falsas e infundadas, que sexa responsable e non faga perder o tempo nin á Xustiza nin á veciñanza nin ao goberno local que traballa para construír un futuro sostible en Ponteareas".

"Nun intento máis de confundir á poboación e de impedir a mellora de Ponteareas", afirma de xeito contundente o Goberno local, o Partido Popular denunciara as obras realizadas no parque infantil da Perillana, as do centro de interpretación do Tea (CITEA) e senda fluvial, as do parque exterior da escola infantil e as de mellora de seguridade viaria en Canedo, "ale-

gando en todas que foran certificadas sen estar rematadas" ou, no caso de Canedo "de faltar á verdade, de certificar partidas non executadas ou non contar coas autorizacións da Deputación e da Confederación Hidrográfica para as modificacións no proxecto".

Á vista das alegacións, da documentación presentada e das declaracións dos técnicos e dalgunhas das empresas, e tralo pertinente proceso de investigación a Fiscalía conclúe que "analizados os tres proxectos subvencionados poderíamos dicir que dous de eles estaban rematados e só no caso do proxecto de remodelación da zona de xogos na gardería infantil se asinou a certificación de obra e acta

de recepción da mesma sabendo que faltaba unha pequena parte da obra por executarse pero facéndose así para que non se perdera a subvención da Deputación e na previsión e seguridade de que a obras se remataría escaso tempo despois como así ocorreu". Nos informes técnicos presentados consta que esa pequena parte que quedaba sen facer foi por mor da mala climatología e que en poucos días quedou realizada.

O Tribunal de Contas coincide coa Fiscalía declarando que, nas catro obras, "arquivense as presentes dilixencias preliminares ao non existir suposto algún de responsabilidade contable".

Represas, á vista das resolucións, afirmou que o arquivo

destas denuncias "veñen a avaliar a xestión e o traballo realizado dende o goberno local e supón un "varapau" para o PP de Villar e Solla na súa estratexia para impedir as iniciativas do goberno".

"Nestes case tres anos e medio só se dedicaron a atrancar, recurrir, retrasar, utilizando todas as malas artes políticas cun único obxectivo: paralizar o traballo do goberno" Dende o Goberno local afirman que a "xudicialización non é gratuita" e preguntanlle ao PP "se pensan compensar aos ponteareáns polos prexuízos causados e pedir publicamente perdón pola utilización perversa de denunciar por denunciar para intentar sacar rédito político cando sabían que non había nada de nada".

Rematadas as obras de mellora da estrada de Canedo

A concellería de Urbanismo, Vías e Obras que dirixe a Tenente de Alcalde, Chus Garrote, informa que xa están rematadas as obras de mellora da pavimentación da estrada de Canedo, segundo treito, financiadas ao abeiro do Plan Concellos da Deputación provincial.

Cun orzamento total de 100.873,54€, actuose nun treito da estrada na contorna do convento Franciscano de Canedo, fresando as zonas do pavimento que se atopaban en peores condicións ou donde non se podía aumentar a cota de acabado da calzada para posterior execución dunha nova capa de rodadura con mestura bituminosa.

A concellería de Vías e Obras prestou especial atención á recollida de augas realizando unha importante mellora coa colocación de múltiples sumidoiros e arquetas ás que agora



van dirixidas as augas pluviais evitando que discorran pola estrada provocando erosión no pavimento e nos muros.

Ademais colocáronse tubaxes novas para reconducir algún punto de auga de regadío como no cruce do centro Asprodico no que se producían contínuos atascos ao estar a tubaxe soterrada en malas condicións.

Tamén se colocaron bordi-

llos en determinados puntos como nos arredores do parque infantil para evitar que a auga escorregue polo muro de contención provocando danos.

A concellería de Vías e Obras atendeu, así, ás demandas veciñais dos máis de 350 fogares que empregan esta estrada e ao compromiso adquirido cando se executou o primeiro tramo.

Concello e Confederación Hidrográfica comprometen partidas para mellorar a EDAR





O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas e a tenente de alcalde, Chus Garrote, reuníronse onte co novo presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, José Antonio Quiroga Díz, para concretar o seu compromiso económico e establecer a parte que cada un deles asume do investimento previsto de 4.500.000 € para a mellora da EDAR da Moscadeira e do colector dende Pedra de Auga, obras coas que queda garantida a de-

puración das augas residuais.

Retomando as conversas xa iniciadas co anterior presidente da Confederación Hidrográfica e para dar continuidade aos acordos acadados, onte concretouse o compromiso da Confederación de asumir o 60% do investimento previsto (2.700.000 €), quedando un 40% que será asumido ata un máximo do 20% polo concello e o restante pola Xunta de Galicia a través de Augas de Galicia.

HUMOR

MARTIRENA



MARTIRENA

FUCO PRADO



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A Semana das Ciencias obtén un recoñecemento pola súa "excelencia"

A Semana das Ciencias organizada pola Concellería de Ensino do concello de Ponteareas recibe o recoñecemento da HSCI (Hands of Science) pola súa labor de excelencia.

A organización internacional Hands of Science promove a difusión de todos os aspectos da ciencia destacando o importante traballo realizado dende Ponteareas por achegar á ciencia á cidadanía.

Neste sentido, o presidente de HSCI, o portugués Manuel Filipe P.C.M. Costa, sulíou a capacidade da Semana das Ciencias para facer visible as aplicacións científicas na vida cotidiá e para amosar á poboación o lado máis divertido da investigación e práctica científica.

Entre outros dos aspectos que sumou para a obtención deste recoñecemento é o traballo en equipo de toda a comunidade educativa, dando especial protagonismo ao alumnado, aspecto que quixo resaltar a concelleira de Ensino Cristina Fernández no momento da recollida do diploma, "teño que expresar o meu profundo



agradecemento a toda a comunidade educativa que se implica en todas as actividades da Semana das Ciencias, que propón ideas e que axuda a executalas, en especial o papel do alumnado ao que sempre queremos dar protagonismo e que tan ben nos representa alá donde imos".

Unha delegación de Ponteareas encabezada por Cristina Fernández e na que participou profesorado e alumnado estivo presente na última edición de Hands of Science celebrada o pasado mes de xullo en Barcelona, logo de ter participado tamén no congreso celebrado na cidade

portuguesa de Braga.

Para o Alcalde de Ponteareas é un orgullo comprobar, unha vez máis, que a capacidade de facer partícipes á cidadanía e o traballo en equipo obtén resultados tan positivos como o recoñecemento de excelencia da Semana das Ciencias. "Dende este goberno sempre optamos por traballar en conxunto coa veciñanza e sabemos que este é o camiño e así o demostran recoñecementos como o que vimos de recibir, no que o traballo da comunidade educativa chega da man dunha actividade proposta pola concellería de Ensino".

O PP advirte que Represas prefere endebedar o Concello a pesar de ter fondos propios suficientes

O PP non entende porqué agora que a situación do Concello de Ponteareas é mellor pídense préstamos ás administracións e aos bancos.

"Represas prefere hipotecar o futuro das próximas corporacións en vez de acudir a fondos propios. Lembrarlle que no seu mandato aumentou a recadación de impostos, tamén dispón de fondos do programa EDUSI por 5 millóns de euros, máis de 4 millóns de euros concedidos pola Deputación e xa rematou a retención que o Estado facía para pagar débedas. Parece que con todo iso Represas prefere non pagar e hipotecar a corporacións futuras para cumprir os seus caprichos. Agora empezou a anunciar que vai facer moitas cousas, pero o certo é que en tres anos e medio non fixo nada".

O PP lamenta esta falta de coñecemento en materia de política económica e que se executen acordos que o propio alcalde non vai poder

cumprir.

"Os préstamos solicitados á Xunta, e que foron concedidos, son préstamos por un importe superior aos 1,13 millóns de euros que, ademais de ter que devolvelos nos próximos oito anos, teñen outro condicionante: as obras deben realizarse nun prazo non superior a catro anos. E por exemplo, a compra por máis de 300.000 euros dos dous inmobles que Represas anunciou, un para centro cultural na parroquia de Pías e outro na praza maior pertencente á Seguridade Social, son inmobles que necesitan unha profunda reforma que ronda un millón de euros para adaptalos ao servizo que supostamente se vai a ofertar neles. Preguntámonos como se van a executar esas reformas e as restantes, xa que nos recentes orzamentos aprobados non hai partida para iso. Non hai cartos consignados para a reforma destes inmobles, é todo un papiré do alcalde".

Pleno do Club Ciclista Ponteareas en Ciclocross

A primeira fin de semana de novembro disputáronse dúas probas da Copa de Galicia de Ciclocross, una delas en Esmelle e a outra en Ferrol. Ata ali desfilaban os corredores do Club Ciclista Ponteareas os cales deixaron o listón ben alto nas dúas probas.

O sábado en Esmelle os corredores Miguel Rodríguez ganou na categoría cadete e Jorge Fernández na categoría xuvenil, proclamándose os dous líderes provisionais da Copa de Galicia. O sub23 Adrián Barros conseguía subirse ao caixon no 3º



posto, despois da gran progresión que demostra este rapaz que debuta nesa categoría como sub23 de primeiro ano.

O domingo en Ferrol, Miguel Rodríguez e Jorge Fernández volveron a repetir gañando nas

suas categorías de cadete e xuvenil e continuando sendo líderes da Copa de Galicia. O Sub23 Adrián Barros cunha gran carreira conseguía tamen facerse co 1º posto, firmando así o triplete do Ponteareas.

Éxito de participación na marcha de regularidade e andaina solidaria



Alta participación tanto na marcha puntuable para o Open de Andainas de Regularidade "Ponteareas 25qm" como na andaina solidaria celebrada a última fin de semana de outubro co

obxectivo de recadar o maior número de produtos alimentarios para o banco de alimentos local, unha xornada deportiva e social na que descubriron recunchos naturais con encanto.

O Plan urbanístico de Ponteareas entra na recta final para a súa aprobación

O goberno de Ponteareas afronta a recta final para a aprobación definitiva do Plan Xeral de Urbanismo (PXOM) ao entregar o equipo técnico redactor o documento coas modificacións requeridas pola Xunta de Galicia.

O pasado 31 de outubro foi entregado no Rexistro Xeral do Concello, por parte do equipo técnico contratado para a súa redacción, o documento do PXOM dando así cumprimento aos requerimentos da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia.

O documento do Plan Urbanístico de Ponteareas, iniciou a súa tramitación en 2003, despois da suspensión do planeamento en xuño de 2002. Foi aprobado inicialmente o 18 de xuño de 2013. O goberno actual continuo a súa tramitación resolvendo as alegacións e realizando a aprobación pro-

visional en febreiro de 2016, (co apoio de BNG, PSOE e PP). Posteriormente, despois dun minucioso análise da Dirección Xeral de Urbanismo, a Xunta emitiu o 9 de febreiro de 2017 unha orde sobre a aprobación definitiva do PXOM na que se requería a realización de innumerables axustes e modificacións que obrigaron a realización dun traballo minucioso e laborioso para que o documento puidera cumprir cos requisitos da Xunta de Galicia.

O documento entregado polo equipo técnico redactor da cumprimento a eses requirimentos da Xunta para que nos vindeiros meses Ponteareas conte con Plan de ordenación, despois de máis de 16 anos co planeamento suspendido, "traballaron coa orde de cumprir estrictamente o que solicitaba a Xunta para aprobarnos o Plan e mantiveronse varias reunións, tanto a nivel político



como técnico para a adecuada interpretación dos axustes a realizar", explica a Tenente de Alcalde, Chus Garrote.

"Preferimos ter un documento urbanístico aprobado, aínda que non nos satisfaga plenamente, que estar nesta situación de parálise urbanística dende hai 16 anos", afirmou o alcalde, Xosé Represas lembrando que a falta de Plan

impide construír unha nova escola infantil, contar con terreos para novos equipamentos e aparcamentos públicos, et.c

Agora o documento será analizado polas técnicas municipais e posteriormente o alcalde convocará a Comisión de Urbanismo para tratar o documento. Represas adiantou que a documentación recibida será compartida de inmediato

con todos os grupos da Corporación para o seu estudo e análise previo a Comisión.

"Coa inclusión de todas as modificacións e unha vez estudado na comisión informativa enviaremos á Xunta un plan que cumpre con todos os requirimentos esixidos, listo xa para obter o visto bo e desbloquear dunha vez esta situación de parálise".

O goberno presenta na comisión informativa de urbanismo os documentos do PXOM adaptados xa os requirimentos da Xunta

O goberno de Ponteareas convoca a comisión informativa de urbanismo para presentar os documentos do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) cos cambios e adaptacións que dan cumprimento aos requirimentos da Xunta de Galicia.

O Alcalde Xosé Represas explica que aínda que este é un documento que non satisfai as pretensións recollidas na aprobación provisional de febreiro de 2016, este goberno ten a determinación de dotar a Ponteareas dun plan xeral para así saír da situación de provisionalidade urbanística na que se atopa dende a suspensión do plan no ano 2002.

Ter un plan xeral supón un avance e permitirá contar con maior seguridade xurídica.

"Ponteareas traballa dende hai dezaseis anos atendendo a unha normativa provisional que limita o crecemento e o desenvolvemento de moitos proxectos. É obrigado contar cun plan xeral para saír desta situación anómala na que moi poucos ou ningún concello se atopa".

Pola súa parte, a concelleira de Urbanismo e tenente de Alcalde, Chus Garrote, adianta que a normativa aplicable é similar á normativa de outros concellos, e que permitirá comezar a traballar sobre un documento base.

Cos axustes obrigados pola Xunta de Galicia, o documento final do PXOM tense que ceñir á normativa e redúcense parcialmente as superficies dos núcleos tradicionais e das áreas de crecemento.

O PXOM establece unha programación de crecemento do uso residencial de 280 novas vivendas ao ano das que o 30% deberá ser de protección pública.

En canto ao solo industrial e empresarial, manterase a estratexia prevista no anterior documento e manterase o solo empresarial da Lomba reducindo lenemente a súa superficie.

Por outra banda se manteñen un amplo conxunto de peque-

nas áreas empresariais dispersas polo concello para posibilitar o seu mantemento industrial e o mantemento dos postos de traballo cun crecemento limitado co obxectivo de regular a actividade nestas zonas acomodándoas ao medio ambiente e ao territorio donde se emprazan.

A superficie de solo urbanizable delimitado na proximidade da vila pasa de 383.946m² a 261.267m² e a edificabilidade total desas zonas pasa de 195.553m² a 127.513m².

O desenvolvemento en solo urbano non consolidado reducirase só un pouco e a superficie construída máxima total

prevista nestas zonas pasa de 243.578m² a 228.839m².

En base á Orde da Consellería de reducir o número global de vivendas posibles en todo o Municipio, dende o Concello levouse a cabo diversas negociacións, acandándose un acordo cos propietarios de Granitos Galicia. Neste acordo mantense o uso terciario que xa existía e elimínase a totalidade da superficie de uso residencial que inicialmente estaba prevista. O goberno negocia coa propiedade un acordo de cesión do equipamento a protexer por orde de Patrimonio e do uso de 5.000 metros cadrados que, en parte, servirán para contar con novas prazas de aparcamento.

MISCELANEA

Gonzalo Caballero candidato socialista á presidencia da Xunta

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, resultou proclamado candidato socialista á Presidencia da Xunta despois de seren verificados os 398 avais presentados (a cifra máxima permitida polo regulamento do partido).

Trala presentación das firmas, a súa comprobación e o período habilitado para a resolución de eventuais recursos, que non se teñen presentado, o líder dos socialistas galegos queda confirmado xa como cabeza de cartel para as vindeiras eleccións autonómicas.

Tras concluír o proceso de primarias, Gonzalo Caballero emitiu a través das redes sociais un vídeo para agradecer

o apoio depositado nel cando se cumpre "un ano de traballo intenso" dende a súa chegada á Secretaría Xeral.

"Hoxe o PSdeG está máis forte, máis revitalizado, e en condicións de dar a Galicia o cambio que necesita", valorou o líder dos socialistas galegos, quen explicou que dá o paso para concorrer ás eleccións porque "non me quero resignar a que a Galicia dos meus fillos sexa unha Galicia sen posibilidades de futuro".

Por iso, traballando "con sentimento, ilusión, paixón e sentido da responsabilidade", Gonzalo Caballero comprometeu que "vou a dar o mellor de min mesmo por ese novo ciclo que quero para o meu país".

Currículo de Gonzalo Caballero

Gonzalo Caballero Míguez (Ponteareas, 1975) é licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais con Premio Extraordinario ao primeiro da promoción. Doutor en Economía pola Universidade de Vigo e Doutor en Ciencia Política pola Universidade de Compostela, é profesor titular de Economía Aplicada na Universidade de Vigo, e foi Visiting Scholar na Washington University en St. Louis, na University of California en Santa Barbara e na University of California in Berkeley, entre outras.

Ten publicado máis dun centenar de traballos académicos



en diversas revistas científicas nacionais e internacionais, e quince obras académicas. A súa última obra editada foi o libro 'State, Institutions and Democracy' (Springer, 2017,

editado con Norman Schofield). Dende hai un ano é o Secretario Xeral do PSdeG, así como membro do Comité Federal e do Consello de Política Federal do PSOE.

Gonzalo Caballero destaca a importancia do movemento veciñal para conformar "unha grande alianza social" coa que dar "un cambio a Galicia"

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, protagonizou este xoves unha conferencia-debate organizada polo Foro Cívico de Vigo, na que destacou a importancia do movemento veciñal na tarefa de conformar "unha grande alianza social" que permita "dar a Galicia o cambio que necesita".

Neste contexto, o líder dos socialistas galegos sinalou a relevancia de escoitar as "inquietudanzas" dos cidadáns e das cidadás, coa idea de "non resignarse a ter un país cada vez máis cativo" e con menos opción de futuro.

"O proxecto de Feijóo xa está agónico", remarcou Gonzalo Caballero, non sen antes apuntar que hoxe Galicia ten uns servi-

zos públicos "de peor calidade", uns sectores produtivos "máis débiles" e menos oportunidades de traballo, así como un emprego "de peor calidade".

"Temos motivos para pedir aos galegos e ás galegas que se comprometan co noso proxecto", engadiu o máximo dirixente do PSdeG, partidario de construír "unha Galicia distinta, de futuro".



LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, Colexios, oficinas
cristaleras, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandetas, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

EMILIO seguros

DECEOS · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...

tel. información: 609 544 351

Forjados Hnos. Duran S.L.

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarteme, 1
36447 AS NIEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

Mondariz fai obras de reforma da Casa Consistorial para reagrupar os servizos

O Goberno local de Mondariz iniciou as obras de reforma da planta baixa da Casa Consistorial de cara a dar cabida a os servizos de Orientación Laboral, Educación Familiar e Servizos Sociais que, ata o momento, tiñan as súas oficinas no Centro Social. As obras permitirán o reagrupamento de todos os servizos municipais, o que suporá unha maior comodidade para veciños e veciñas ao poder realizar as distintas xestións co Concello, evitando desprazamentos entre dependencias municipais.

Esta reorganización de servizos é aínda máis importante si se ten en conta que no entorno da Casa Consistorial atópanse o Centro de Saúde e o Centro de Día.

As obras contan cun orzamento de 60.138,80 euros que será cofinanciado pola Xunta

de Galicia e a Deputación de Pontevedra a través do Plan Concellos.

Este reagrupamento de servizos, afirma o alcalde Xoán Carlos Montes Bugarín, “ten beneficios engadidos a maiores da comodidade que poida supoñer para a veciñanza realizar os trámites nun mesmo lugar” xa que, explica o rexedor local, “o edificio do Centro Social gañará espazo que poderá ser dedicado á celebración de cursos, obradoiros ou actividades culturais”. É dicir, o Centro Social “recupera a finalidade para a que inicialmente foi concibido” apunta o alcalde de Mondariz.

Cómpre salientar que en mais dunha ocasión, e ante a falta de espazo físico para a realización de actividades, houbo que recorrer ao soto do Centro Social, espazo inicialmente pensado como almacén e, polo tanto, pouco adecuado

para outras actividades.

Como beneficio colateral das obras que se van iniciar, está a diminución de consumo no propio Centro Social que, de momento, contaba con iluminación a base de halóxenos e que, nos meses de inverno, precisaba de radiadores eléctricos para caldear o edificio. O traslado dos servizos alí instalados aos baixos da Casa Consistorial, permitirá estudar alternativas para o Centro Social de cara a súa optimización enerxética.

Xa no que a obra propiamente dita fai referencia, a maiores da distribución de espazos para comodidade tanto de usuarios e usuarias coma de persoal municipal, o actual aseo feminino instalado na planta baixa, será convertido nun aseo adaptado para persoas con mobilidade reducida do que, ata o de agora, carecía a Casa Consistorial.



Trátase polo tanto, explica o alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín, dunha obra “case que imprescindible xa que permite reagrupar servizos en beneficio dunha maior axilidade administrativa e comodidade para a veciñanza e, ao mesmo tempo, liberar espazos no Centro Social, de cara a permitir o desenvolvemento de actividades lúdicas, culturais e formativas nun marco máis axeitado”.

Os baixos da Casa do Concello

O espazo que se reformará estaba ocupado, ata o momento, polas dependencias da Policía Local e a Oficina de Correos, de tal xeito que ser-

vizos como Orientación Laboral, Educación Familiar e Servizos Sociais, tiveron que ser trasladados ao Centro Social, único inmobile de titularidade municipal que contaba co espazo necesario.

No 2017, o Goberno de AporM, logo de anunciar ao Servizo de Correos que se trasladaba a unha nova localización, decidiu reorganizar os espazos municipais dedicados á prestación de servizos. Así, reformábase un local municipal —a escasos metros da Casa do Concello— para albergar as instalacións da Policía Local, para o que se contou cunha axuda da Xunta de Galicia.

O Concello das Neves adquire un camión grúa

O novo vehículo está equipado con caixa aberta, basculante e grúa.

A está nova adquisición do camión grúa financíase mediante o plan Revitaliza, plan de compostaxe que se está a implantar nas Neves coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

O vehículo da marca Isuzu foi o que resultou gañador do proceso aberto do contratación no que participaron ata 5 cinco empresas. Algunhas das características do camión son 1.80m de ancho, 5.5 tn de



mma, 140cv, grúa con gancho, pinzas e cazos, basculante, gancho para remolque e suplementos de baldera para gañar altura na carga.

Este camión é moi versátil polo seu tamaño e ideal para o servizo que se precisa

para a compostaxe como é a carga, transporte de restos de poda e o movemento de estruturante. Pero amáis servirá para moitas outras funcións dentro dos servizos públicos que presta o Concello, quen non dispuña deste tipo vehículo.

Continúa co asfaltado de camiños

O Concello das Neves continúa coa reparación de camiños durante 2018, agora en Garavisco-Aldea, Carrasqueira e Chan.

A inicios de ano os esforzos tiveron que centrarse en Santa Olaia de Batalláns sobre todo en Trasdaval e Pío. As enchentes derivadas dos lumes de 2017 afectaron a 4 puntos nos que os regatos cruzan nas estradas deixando 3 desde puntos co tráfico pechado. Aquí reparáronse as canalizacións, os muros e o asfaltado.

Nese mesmo tempo tamén se actuou no paso ao barrio de Portela en San Xosé de Ribarteme onde entre o regato, o tempo e vehículos pesados se danou a ponte. Reparáronse canalizacións, muros e asfalto. Tamén en Caneiro en Taboexa foi preciso reparar un muro onde o regato e repoñer asfalto.

Meses máis tarde a actuación

foi en Miranciños en Vide e en Costa en Setados. No primeiro conectando o barrio co de Viñas através da adecuación dun camiño xa existente. O segundo asfaltando de novo o camiño que conecta parte do barrio coa P0400.

Agora os traballos centránsen en tres puntos. Nas Neves nos barrios de Garavisco e Aldea, asfaltando os tramos que conectan coa estrada provincial EP4204 Estación-As Neves. En Tortoreos no barrio da Chan actuando nun tramo que comeza na P0415 e que nos pode levar a Pedroso ou Redondelo. Tamén en Carrasqueira en Taboexa se repararán dous tramos moi próximos a autovía A52 que dan acceso entre outros ao campo de fútbol e ao circuíto de motocross.

Os vindeiros proxectos permitirán actuar en lugares como Calvario, Casal e na pista de San Pedro a Pousadouro.

MISCELANEA

O Castelo de Soutomaior entra a formar parte do "Club de Producto Turístico de Grandes Castillos y Palacios de España"

A presidenta da Deputación amosou a súa satisfacción por este recoñecemento "que converte, máis se cabe, a Soutomaior nun atractivo turístico de primeira orde a nivel estatal". Carmela Silva destacou que "non paramos de impulsar proxectos no Castelo e para o Castelo". Máis polo miúdo, Silva referiuse a que nesta semana se clausuraron as visitas

teatralizadas, con todas as prazas esgotadas e case 5.000 persoas en lista de agarda, e vai ter lugar, o vindeiro domingo con motivo do Día Europeo do Enoturismo, unha cata a cegas en colaboración coa Ruta do Viño Rías Baixas que tamén esgotou as cenzas en canto se ofertaron.

Coa resolución favorable do "Club de Producto Turístico de Grandes Castillos y Palacios de

España", que impulsa a Secretaría de Estado de Turismo, o castelo de Soutomaior intégrase ademais nas accións de promoción futuras desta oferta turística cultural. Deste xeito, o deputado de Turismo, Santos Héctor Rodríguez, participará o vindeiro 20 de novembro en Madrid na primeira asemblea do club que permitirá situar ao recinto histórico pontevedrés ao mesmo nivel de castelos



tan coñecidos como o de Peñafiel ou o de Belmonte. Durante esta primeira asemblea do "Club de Producto Turístico de Grandes Castillos y Palacios de España", presentárase a plataforma tecnolóxica a través da cal se porá en valor a rede de castelos pertencente ao club. Ademais, tamén se dará a coñecer o plan de acción para o vindeiro ano, a estratexia promocional da rede de castelos e palacios, a distribución, así como as experien-

cias desenvolvidas polos castelos e palacios socios.

O obxectivo principal deste club turístico consiste en afrontar de xeito coordinado e a nivel estatal a oferta cultural e visitas aos castelos e palacios integrados nel. Así, preténdese configurar un produto turístico tomando como elemento principal os castelos e palacios e, a través deles, amosar a historia aderezada con experiencias turísticas novas e singulares.

A Deputación colabora con UNICEF

O goberno de Carmela Silva vén de aprobar unha subvención por valor de 10.000 euros destinada ao Comité de Galicia de UNICEF para cooperación internacional e axuda humanitaria. Con esta achega a Deputación colabora coa organización para garantir a protección e saúde das nenas e dos nenos e das familias afectadas polo terremoto orixinado o 28 de setembro na illa de Célebes, en Indonesia, que provocou á súa vez un tsunami con graves consecuencias.

De feito, o balance xeral eleva a 1.407 as persoas fale-

cidas, máis de 2.555 feridas, 113 persoas desaparecidas e 66.000 casas afectadas que ocasionaron que haxa ata 71.000 persoas desprazadas e outras 330.000 carezan de refuxio axeitado.

Xunto con esta achega de 10.000 euros para axuda humanitaria en Indonesia, a Deputación de Pontevedra destinou xa a UNICEF outros 22.500 euros. A través desta contía a organización desenvolveu un proxecto para distribuír material educativo entre as nenas e nenos de Siria en 2017 e outro programa que permitiu a UNICEF promover o acceso á saúde da

Instituto de Estudios Tudenses
17/11/2018



1118: LA HUELLA DE GELMÍREZ EN LA SEDE TUDENSE



● ● ●
12.00.- Visita a San Bartolomé de Rebordáns. Encuentro delante de la iglesia.
JAVIER CASTIÑEIRAS LÓPEZ
"San Bartolomé de Rebordáns y el primer románico"

Sala Félix Rodríguez. Área Panorámica (Tui)

16.30.- RAFAEL FANDIÑO FUENTES
"El paso de unas reliquias por el río Miño: Diego Gelmírez y el "Pío Latrocinio"

18.00.- ERMELINDO PORTELA SILVA
"Diego Gelmírez y la frontera del Miño"

1º Eco Free Trail CTR: Cerveira corre pela reflorestação

Considerado um território de beleza natural e com excelentes condições para a corrida de montanha, Vila Nova de Cerveira vai ser palco, a 16 de dezembro, de um evento de caráter não competitivo que conjuga estas duas vertentes. O 1º Eco Free Trail CTR desafia os atletas a participar numa ação de sensibilização para a reflorestação, em que o custo de 5 euros associado à inscrição é revertido na totalidade para a aquisição de árvores que serão plantadas em áreas identificadas do concelho.

O Eco Free Trail CTR consiste num conjunto de iniciativas que a Associação Cerveira Team Running pretende dinamizar com alguma regularidade, dando o seu contributo em torno da proteção e da preservação ambiental. O objetivo desta primeira ação é chamar a atenção para o importante papel que cada cidadão pode ter no processo de re-



florestação.

Agendado para dia 16 de dezembro, os interessados podem optar por dois percursos – grau fácil ou difícil –, e alinhar num evento que, além de desfrutar dos trilhos e caminhos ancestrais, associa-se à preocupação ambiental.

Para adquirir a "dorsal de ECOATLETA", os interessados devem proceder à inscrição, enviando o primeiro e último nome para o email cerveira-teamrunning@sapo.pt, até 12 de dezembro. No dia da

iniciativa é solicitado o donativo de 5 euros, sendo que o seguro será da responsabilidade de cada participante. A verba angariada será na totalidade para adquirir espécies autóctones para reflorestar uma área previamente identificada no concelho, com o apoio da Proteção Civil Municipal.

O 1º Eco Free Trail CTR conta com a parceria de várias empresas instaladas no concelho, assim como com o apoio logístico da Câmara Municipal.

Troféu de natação Eurocidade Valença/Tui

A piscina municipal de Valença acolhe no próximo dia 1 de dezembro, a partir das 16h00 (hora portuguesa), a VII edição do Troféu de Natação Eurocidade Valença/Tui. Esta actividade conclui o calendário de atividades desportivas que a Eurocidade desenvolveu durante 2018.

Neste Troféu de Natação está prevista uma vez mais a participação de cerca de uma centena de crianças das diferentes escolas desportivas de toda a região minhota.

Esta iniciativa é organizada pelo Clube de Atividades Aquáticas Alto Minho. Conta com o apoio da Eurocidade Valença/Tui.

Rotary's promoven atividade conjunta

O Rotary Club de Monção e o Rotary Club de Valença vão dar as mãos entre a próxima sexta-feira e domingo com a organização de um encontro para jovens de todo o Minho. De acordo com os responsáveis, "serão cerca de 30 participantes que virão até Valença e Monção para participarem no RYLA – Líderes de Futuro". O RYLA é um programa estruturante para jovens, que incide em competências pessoais e profissionais. Em complemento à qualificação das novas gerações como líderes conscientes e ativos num mundo moderno. De acordo com o programa, todos os participantes e acompanhantes terão a oportunidade de conhecer Valença, como a Fortaleza e a Ponte Internacional, e Monção, como o Palácio da Brejoeira e o Museu Alvarinho.

Candidatura para instalação de 2460 luminárias led num investimento de 686 mil euros

O Executivo Municipal de Monção aprovou, por unanimidade, o projeto elétrico para apresentação de candidatura ao Norte 2020 no âmbito da eficiência energética nas infraestruturas públicas da administração local.

O projeto será candidatado a breve prazo, implicando um investimento global de 686.118,60 €, imposto incluído, sendo apoiado em 95 por cento.

O presente investimento resultará na substituição de 2460 luminárias incandescentes (lâmpadas de mercúrio e vapor sódio) por luminárias LED de 37 W (1780), 66 W (82), 99 W (385), globos (140), projetores



(41) e projetores de pavimento (32).

A intervenção decorrerá na zona urbana de Monção e nas freguesias de Riba de Mouro, Tangil, Longos Vales, Ceivães, Segude, Valadares, Barbeita, Troviscoso e Bela, contribuindo para que as lâmpadas incandescentes, com produção proibida na Europa desde setembro de 2012, possam ser substituídas por um sistema mais fiável e económico.

Steeve e Garry Gameiro sagram-se campeões do mundo de Supino Equipado Multiply, no WPC



Um dia musculado para Monção. Os irmãos Steeve e Garry sagram-se campeões do mundo de Supino Equipado Multiply, no WPC World Championship 2018, a decorrer em Orlando, Florida, Estados Unidos da América.

Na categoria de peso -110,

Garry elevou uma barra de 285 quilogramas (tentativa de 300 falhada por pouco) e Steeve, na categoria de peso -100, estabeleceu um novo record luso-francês com uma barra de 315 quilogramas. Resultados fantásticos para os irmãos Gameiro que muito orgulha Monção.

MISCELANEA

Laboratório de Aprendizagem Criativa já arrancou e vai beneficiar 1800 alunos de Cerveira, Melgaço e Valença

Promovido pela Fundação Bienal de Arte de Cerveira o projeto "LAC - Laboratório de Aprendizagem Criativa" já arrancou e vai abranger cerca de 1800 alunos do ensino regular do 9.º ano e do ensino secundário dos Agrupamentos de Escolas de Vila Nova de Cerveira, Melgaço e Valença ao longo de três anos letivos.

Tendo como objetivo melhorar a qualidade de aprendizagem dos alunos, promover o sucesso escolar e reduzir a taxa de insucesso e abandono, o "LAC - Laboratório de Aprendizagem Criativa" vai levar às oficinas da Fundação Bienal de Arte de Cerveira (FBAC), até 2021, cerca de 1800 jovens estudantes dos Agrupamentos de Escolas de Vila Nova de Cerveira, Melgaço e Valença.

Segundo o presidente da FBAC, Fernando Nogueira, "esta iniciativa resultará em mais um conjunto de atividades que vem reforçar o trabalho desenvolvido pelos agrupamentos e o papel pedagógico da Fundação e do Serviço Educativo, que propõe construir uma comunicação disruptiva com as escolas, reafirmando a importância das artes na formação integral do indivíduo".

A iniciativa é constituída por um conjunto de oficinas



temáticas que trabalham temas da cultura e da arte contemporânea, indo ao encontro dos programas curriculares. Enquanto ferramenta pedagógica, o LAC propõe, através do conhecimento da arte e da experimentação plástica/criativa, que os alunos adquiram competências para a construção da aprendizagem e para o sucesso escolar.

O projeto prevê ainda a elaboração de um guião para os alunos, como ferramenta pedagógica complementar sobre as temáticas desenvolvidas, a realização de exposições com uma seleção dos trabalhos realizados nas oficinas e, ainda, a publicação de uma brochura com o balanço reflexivo sobre a participação das escolas.

A Fundação Bienal de Arte de Cerveira promove ainda o programa "Agitar-te", que con-

vida crianças e professores do ensino pré-escolar do Agrupamento de Escolas de Vila Nova de Cerveira a uma aproximação criativa e dinâmica com a arte e a cultura contemporânea, através de seminários e ações de capacitação/sensibilização para os educadores e ateliers para os mais pequenos. No total, serão abrangidos, também ao longo de três anos letivos, mais de 550 alunos.

De acrescentar que estes projetos resultam da candidatura "School 4All Vila Nova de Cerveira" aprovada no âmbito do Programa Operacional Regional do Norte, Norte 2020, submetida pela Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, ao eixo prioritário 8: Educação e Aprendizagem ao Longo da Vida, financiado em 85% pelo Fundo Social Europeu, sendo que o restante valor é assumido pelos municípios envolvidos.

Visita de trabalho á Escola Básica do Vale do Mouro



Com o propósito de avaliar no terreno as necessidades e prioridades da comunidade educativa monçanense, a Vereadora da Educação, Recursos Humanos e Juventude, Natália Rocha, deslocou-se, na última sexta-feira, à Escola Básica do Vale do Mouro, em Tangil.

De manhã, Natália Rocha visitou as intervenções efetuadas naquele estabelecimento de ensino, almoçando na cantina da escola. De tarde, reuniu com a coordenadora, Inês Ramos, e abordou a questão dos transportes escolares com os condutores, tendo acompanhado os alunos num dos circuitos de regresso a casa.

No final, Natália Rocha fez uma avaliação positiva: "É importante visitarmos as escolas para verificarmos, no local, aquilo que realmente faz falta. Destas deslocações, resulta um conjunto de informações fundamentais para a concretização de um projeto escolar de qualidade. Feito em parceria com todos os in-

tervenientes educativos".

Os trabalhos realizados pela autarquia monçanense na Escola Básica do Vale do Mouro, centraram-se, entre outros aspetos, na beneficiação da entrada da escola através da colocação de uma cobertura, melhoria do gradeamento existente e instalação de painel informativo.

Os trabalhos de beneficiação, avaliados em 10 mil euros, englobaram ainda o ajardinamento de espaços exteriores, colocação de divisória amovível no corredor, apetrechamento da sala do futuro e prolongamento de pavimento flutuante no parque infantil.

Em relação aos transportes escolares, o embarque dos alunos iniciou-se pelas 17h15, tendo todos os veículos arrancado pouco antes das 17h30. Cumriu-se o horário previsto e um dos objetivos do atual executivo: transporte gratuito para todos os alunos com saída de casa mais tarde, de manhã, e chegada mais cedo, de tarde.



Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA



GASOLEOS
TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



BAIONA

A concelleira do PP Beatriz González pasa ao Grupo Mixto

Anxo Rodal, alcalde do concello de Baiona, vén de anunciar que tras o comunicado de Beatriz González Pérez de querer terminar a lexislatura fora do Grupo do Partido Popular e pasarse ao Grupo Mixto, vese na obriga- ción e no deber de retirarlle todas as competencias que ostentaba ata o momento, as cales repartirá entre o seu equipo de goberno.

Fai máis dun ano o concello de Baiona tivo que incorporar eventualmente en persoal a unha bolseira de prensa, Dona Marta González Pérez (irmá da concelleira) tras unha sentenza xudicial a consecuencia da denuncia que esta fixo contra a institución, cun resultado negativo para as arcas deste concello de preto dos 30.000 euros anuais repartidos entre o seu salario e Seguridade Social.

Todo este problema xérase cando o alcalde decide amortizar a praza de prensa do concello, ao crer que non é un servizo que sexa necesario realizalo cunha praza de funcionario (e co que non está de acordo, ao non conseguir esta praza cun concurso/oposición pública como sería o lóxico) e así aforrar aos veciños e veciñas de Baiona os preto de 30.000 euros anuais que custaba, ademais informa á concelleira Beatriz González Pérez de que por razóns de parentesco terá que absterse na

votación, ao ser parte interesada como di a lei, e non poderá votar no punto dos orzamentos do ano 2019 que levan a Pleno este próximo xoves 8 de novembro.

Ante a imposibilidade de chegar a un acordo co alcalde para que a súa irmá continuase como funcionaria sen pasar unhas oposicións, esta, opta a pasarse ao Grupo Mixto, "creo firmemente que as decisións en política hai que tomalas para favorecer o ben común de todos os veciños e veciñas e non para beneficiar á familia ou amigos", foi o que tentou Anxo Rodal que entendese Beatriz González, que, visto a súa decisión, non o comprendeu. Durante estes tres anos foi unha concelleira exemplar e sente enormemente que tomase esta decisión tan desacertada, pero respéctaa e deséxalle todo o mellor na súa vida persoal.

Rodal reestrutura o Goberno Municipal

Apenas pasaron 72 horas do cambio na corporación e o alcalde Ángel Rodal reestruturou o Grupo de Goberno que quedou da seguinte maneira; Dña. María Iglesias Fernández, Primeira Tenente Alcalde e concelleira de Cultura, Medio Ambiente, Persoal e Régimen Interior agora tamén se ocupará de Mocidade e novas tecnoloxías; Don Policarpo Vilar Misa, concelleiro de Accesibilidade



Beatriz González Pérez

ata o momento, complementará esta coa de Educación; Don Raúl Costas Lafuente, concelleira de Pesca, Marisqueo e Actividades Marítimas ostentará a maiores a concellería de Seguridade Cidadá, que estaba a cargo do alcalde Don Ángel Manuel Rodal Almuiña que agora coa nova reestructuración ostenta os cargos de Alcalde e concelleiro de Pobos Irmáns, Turismo, Emprego, Economía e Facenda, e sen ningunha variación nas concellerías de Dona Carmen Paredes Cabral, concelleira de Benestar Social, Igualdade, Comercio e Mercados, de Dona María Jesús Martíns Passos, concelleira de Deportes, de Don Daniel García Dacuña, concelleiro de Vías e Obras, e Medio Rural e de Don José Ángel Bahamonde Rodríguez, concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas e Alumbrado Público.

É a hora da responsabilidade, Baiona non merece este espectáculo

Sucédese un novo capítulo sen que xurda un mínimo de responsabilidade no Goberno Municipal. Diante do afastamento dunha das súas concelleiras e ante a perspectiva dun escenario en minoría e a aprobación dos orzamentos para 2019, o Partido Popular opta por pretender privar do voto á súa concelleira discrepante por unha presunta incompatibilidade que non se propuxo até o anuncio público de abandono. Os orzamentos municipais apróbanse en Pleno Municipal por maioría, nove de dezasete concelleiros e concelleiras e o Partido Popular contando con oito semella non sentirse capaz de aprobalos.

É a hora de que, practicamente xa en período de precampaña, se tramiten uns orzamentos de consenso entre todas as forzas políticas, obrando con responsabilidade e deixando de lado os intereses partidistas en favor de toda a veciñanza baionesa. Ninguén debe pretender aproveitar esta situación para tirar rédito partidista e moito menos bloquear investimentos no noso concello por revanchismo político.

O BNG presentou unhas

emendas de mínimos, mais é evidente que aberta esta vía debe presentarse un novo documento que elimine as eivas derivadas da mala xestión desenvolvida até o de agora. Xa que logo, o Goberno Municipal debe abrir unha vía de diálogo na que participen activamente todas as forzas políticas.

Non obstante, O BNG considera que o transfuguismo é unha quebra directa dos proxectos colectivos e o funcionamento democrático de calquera organización. Non é ético acceder a unha representación pública ao amparo dun proxecto político e logo apropiarse del, por moito que a lexislación vixente o permita, da que tanto gozou corrompéndoa o Partido Popular para privar de alcaldías a outras forzas. Si Beatriz González discrepa coa liña política da súa organización é lexítima a súa discrepancia pública e incluso a súa renuncia, mais a retención da acta de concelleira non é máis que outra forma de corrupción política. O que si evidencia é que o proxecto político do Partido Popular está esgotado e cada vez conta con menos apoios entre a veciñanza.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

BAIXO MIÑO

TUI

Unha disposición adicional da Lei do Solo permitirá reconstruír ás vivendas fóra de ordenación na zona cero

A incorporación dunha disposición adicional na Lei do Solo permitirá darlle encaixe legal á reconstrución das vivendas afectadas na zona cero de Paramos que estaban fóra de ordenación. Esta foi unha petición que o Concello de Tui presentou á Xunta de Galicia para garantir así que todas as vivendas existentes previa a explosión do 23 de maio se lles poderá dar licenza para a súa reconstrución.

Así llo comunicou o alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, ao veciños que acudiron á reunión que se celebrou no Centro Cultural de Guillarei o pasado 10 de novembro. Unha comparecencia na que estivo acompañado polo xerente urbano da catástrofe Rubén Vázquez.

Segundo o exposto polo rexedor esta disposición adicional está pensada para zonas declaradas gravemente afectadas por unha emerxencia de protección civil polo Consello de Ministros. Nese senso apuntaba que "foi unha mo-



dificación legislativa que conseguimos dende Tui, que puxo en marcha a Xunta de Galicia, que entrará en vigor o 1 de xaneiro para circunstancias excepcionais coma esta".

Na reunión o alcalde tamén trasladou aos veciños á resposta ás cartas que enviou á ministra de Política Territorial urxindo o inicio do desentullo, na que indica que que recibirá contestación en breve. Decía Vázquez Padín que "polo menos queda claro que son conscientes que teñen un problema sobre a mesa, un problema sen resolver en Tui". Engadía que hai que agardar que o go-

verno central "se poña co desentullo a través dunha encomenda de xestión, que é a formulación xurídica que permite que en circunstancias excepcional que goberno poida adjudicar a unha empresa pública este tipo de obras". Precisaba nese senso que unha vez que se tome a decisión política os traballos poderían comezar no prazo dun mes e executarse en tres meses. Precisaba o mandatario que o desentullo é moi importante, e se se acometen estes traballos "teremos o puzzle con todas pezas máis fáciles de encaixar para ver como dentro de non

demasiado tempo se reestablece a normalidade na zona".

Na reunión o rexedor tudense tamén avanzou que acompañará aos veciños na mobilización que os veciños realizarán o sábado 17 diante da subdelegación do goberno en Pontevedra. E informou, de que pese a que non ten comunicación oficial segundo a información publicada polos medios de comunicación a fiscalía presentou denuncia contra el pola presunta inexecución da sentenza da pirotecnia de Baldráns. Un tema no que decía "teño a conciencia absolutamente tranquila".

O alcalde de Tui expón que ninguén lle advertiu da posible responsabilidade penal sobre a pirotecnia de Baldráns

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, manifestou hoxe o máximo respecto e confianza na administración de xustiza, e sinalou que sempre buscou a máxima transparencia na súa xestión. Na súa comparecencia indicou que "non estivo nunca no meu ánimo desobedecer unha resolución xudicial" ao tempo que lamentou que "non estiven ben asesorado" indicando que ninguén lle advertiu que había risco de responsabilidade penal, algo do que non tivo coñecemento

até a providencia do pasado 3 de setembro na que se impuña unha multa de 1.500€, e se aludía a unha providencia anterior do 16 de xuño de 2017, que non figuraba no expediente e que xa advertía da posibilidade de responsabilidade penal cando Carlos Vázquez Padín aínda non era alcalde, ninguén lle advertiu ao actual alcalde disto.

O alcalde, Carlos Vázquez Padín, insistiu que ata a providencia do 3 de setembro de 2018 non tiña coñecemento da posible responsabilidade

penal neste asunto. Explicou que durante varios meses a súa actividade coma mandatario municipal estivo centrada, case en exclusiva, en atender aos veciños de Paramos e as consecuencias desta catástrofe.

O rexedor tamén afirmou que está a cumprir coa sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Pontevedra tras ordenar o precinto das instalacións da pirotecnia en Baldráns no mes de setembro, e presentar hai uns días neste xulgado o cronograma a seguir tanto para

o desaloxo como para o derrubo parcial destas instalacións.

Precisamente sobre o desaloxo indicou que agarda a máxima colaboración da subdelegación do goberno, xa que nas instalacións de Baldráns hai tanto material da propia empresa coma o incautado nos almacéns ilegais tras a explosión do 23 de maio no barrio da Torre. Por último explicou que se vai readaptar o proxecto de derrubo que existía da pirotecnia, para dar cumprimento á sentenza.

Danza contemporánea con Entremáns Cia da Coruña



O venres, 16 de novembro, ás 20h, o Teatro Municipal de Tui acolle o espectáculo "Gaia" de Entremáns Cia da Coruña. Voz e danza para descubrir o poder da Terra e os seus tesouros naturais dende unha óptica visual e imaxinativa. Un espectáculo que a través da pintura, a música e o audiovisual nos transmite a beleza e a intensidade do noso planeta.

Entradas á venda en www.culturatui.info ata o venres 16 ás 12h ou o mesmo venres dende ás 18.30h no despacho de billetes.

Concerto de nadal en Tui

A Orquestra Sinfónica de Tui, o Coro Mistura Vocal e o Coro do Conservatorio Profesional de Música de Tui ofrecerán o venres, 21 de decembro, ás 21h no Teatro Municipal de Tui o "Concerto de Nadal".

Obras clásicas e composicións do Nadal serán as que interprete a Orquestra Sinfónica de Tui, integrada por alumnos, exalumnos e profesores do Conservatorio Profesional de Música de Tui, no Concerto de Nadal. Participará tamén o coro Mistura Vocal dirixido por Aloia Martínez, e alumnos do coro do conservatorio tudense.

TOMIÑO

Tomiño recuperará para as persoas as rúas A Guarda e República Arxentina

O proxecto do Concello de Tomiño "Mellora da mobilidade e seguraza viaria na contorna dos equipamentos públicos da Praza do Seixo", cun investimento total de 670.000 euros, vai supoñer un paso máis no proceso de cambio e transformación do núcleo urbano do Seixo.

A iniciativa pretende aproveitar a mudanza na mobilidade de vehículos que vai a supoñer a nova avenida que actualmente se está a construír, e que vai significar a eliminación de todo o tráfico de paso, o que pode significar o 90% dos vehículos que actualmente pa-

san polo Seixo.

Así, o proxecto contempla a peonalización e ampliación da praza do Seixo, ata os tramos da rúa A Guarda e rúa República Arxentina, e ata o entronque coa nova avenida, reformando todos os servizos urbanos e mellorando o espazo público cun deseño semellante á Praza do Seixo.

A rúa A Guarda pasará a ter un deseño máis estancial e comercial, creando espazos de encontro e áreas con bancos, vexetación e iluminación con catenarias. A rúa República Arxentina configurarase como unha alameda de entrada á Praza do Seixo, desde a rotonda

de entronque da nova avenida, que pasará a ser o principal punto de referencia e entrada de Tomiño. Nos dous casos colocaranse iluminación de alta eficiencia enerxética e renovaranse todos os servizos (auga, saneamento, pluviais, canalizacións, etc.).

O Concello mellorará e ampliará o segundo aparcadoiro, duplicando o número de prazas de estacionamento, e xerando ademais un terceiro aparcadoiro. Con todo isto, o goberno municipal quere que Tomiño sexa un exemplo de recuperación dos espazos públicos para as persoas, pasando a situar máis 100.000 m2 de espazos peonís



e zonas verdes.

Sandra González, alcaldesa de Tomiño, entende que esta obra significará un paso moi importante de mellora do espazo, que irá en beneficio dos veciños e do comercio local, como xa supuxo a mellora da Praza do Seixo e do Mercado Municipal.

Para a realización desta obra, conseguíuse unha subvención de 500.000 euros, ao abeiro da convocatoria pública do Plan DepoRemse, da Deputación de Pontevedra, para o proxecto de remodelación, cun coste total de 670.000€, o que supón unha financiación do 75%.

A AECT Río Miño solicita en Bruselas máis axudas para manter a poboación xuvenil na raia

Tras dúas xornadas de traballo, a visita institucional da AECT Río Miño a Bruxelas rematou cunha serie de reunións co Comité das Rexións e na sede da Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana da Comisión Europea (DG Regio) nas que, segundo informou o director da AECT Río Miño e deputado de Cooperación Transfronteiriça, Uxío Benítez, déronse a coñecer os proxectos que a agrupación está desenvolver neste momento, así como os seus plans de futuro, recibindo unha acollida moi positiva por parte dos diferentes estamentos europeos.

Durante os encontros, un dos principais temas tratados foi a necesidade de garantir que "os fondos europeos destinados ao desenvolvemento de territorios transfronteirizos se invistan realmente sobre estas áreas xeográficas, e non a centos de quilómetros delas", segundo explicou Benítez. A

este respecto a agrupación tamén se interesou pola tramitación dos regulamentos que rexerán os fondos do vindeiro marco financeiro 2021 - 2027, reclamando que "estas normativas contemplan a focalización do financiamento en proxectos que se desenvolvan especificamente en zonas comúns transfronteirizas".

Outra cuestión destacada nas reunións foi a presentación da estratexia "Río Miño 2030", un estudo profundo do territorio transfronteirizo do río Miño que se vén realizando durante os últimos meses baixo a coordinación da AECT. Uxío Benítez apuntou que tras a elaboración deste documento, que inclúe un paquete de accións a desenvolver no territorio, é necesario "contar cunha ferramenta que permita xestionar do xeito máis eficiente os fondos europeos que recibimos" polo que reclamou a formulación dunha "Inversión Territorial Integra-



da" (ITI) para o río Miño.

Tras reunirse con representantes do movemento polo Pacto dos Alcaldes para o clima e a enerxía, a AECT Río Miño anunciou que promoverá a adhesión dos concellos do territorio transfronteirizo ao este movemento eurpeo.

"O combate contra o cambio climático e a busca da eficiencia enerxética serán un dos proxectos clave da estratexia do Río Miño 2030, que se presentará a finais deste mes no II Fórum do Río Miño Transfronteirizo", adiantou

Benítez. "O val do Miño será un territorio eficiente enerxeticamente, comezando por fixar os obxectivos locais de redución de CO2".

A través do Pacto dos Alcaldes, máis dun millar de autoridades locais e rexionais europeas asumiron o compromiso voluntario de mellorar a eficiencia enerxética e utilizar fontes de enerxía renovable nos seus territorios, propóndose superar o obxectivo da Unión Europea de reducir nun 20% as emisións de CO2 antes do 2020.

3ª Xornadas micolóxicas Mercado de Tomiño

Por mor do mal tempo, tiveron que adiarse as terceiras xornadas micolóxicas organizadas pola Asociación de Praceiros de Tomiño, inicialmente previstas para a fin de semana do 9, 10 e 11 de novembro. Os organizadores, que contan co apoio do Concello de Tomiño, trasladan a actividade para os días 30 de novembro e 1 e 2 de decembro.

Como en edicións anteriores, as xornadas contarán con conferencias, exposicións, degustacións e saídas ao campo para recollida de setas.



LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

A Valedora do Pobo instará ó Concello e a Xunta a solucionar a situación do comedor escolar

Tras a xuntanza mantida con Verónica Tourón e Gela Ledo, a Valedora do Pobo interesouse pola situación e comunicoulle que procederá á apertura dun expediente urxente para tratar coas administracións pertinentes a solución a este grave problema.

Neste senso, solicitará á Xunta e ó Concello que lle trasladen a información que obre no seu poder sobre a situación, e instará a estas administracións a que se solucionen os problemas existentes para que se poida dar o servizo de comedor ós nenos e nenas de Salceda nunhas condicións axeitadas.

Na mesma liña, a valedora trasladoulle a voceira socialista Verónica Tourón, que tratarán esta causa e lle darán prioridade xa que considera que é necesario que os nenos e nenas teñan un comedor axeitado, habilitado con todos os servizos necesarios: climatización, auga corrente, electricidade, sanitarios, cuberta e incluso acceso axeitado.

Tourón considera necesario que ademais de acondicionador os contenedores postos pola Xunta para utilizar como comedor, é urxente que tanto Concello como Xunta definan unha solución definitiva, "xa que os contenedores, aínda que se acondicionen, teñen que ser unha solución provisional, a moi curto prazo". Por outra banda, incide en que "non é de recibo que un mes despois os contenedores continúen sen acondicionar: con pintadas, reixas nas ventás, sen auga corrente, cos cables da electricidade colgando por onde acceden os rapaces, sen sanitarios, con chans levantados, etc."



Gela Ledo insiste na gravidade deste asunto e que un mes despois do inicio do curso escolar, a situación continúe sen arranxar: "esto demuestra la falta de interés que tienen las administraciones por arreglar una situación tan importante como esta. No podemos tolerar que a estas alturas 150 niños estén comiendo en estas condiciones", insiste Gela Ledo.

As concelleiras socialistas, afirman que a valedora do pobo pediu que lle transmitisen á veciñanza o interese pola causa dende esa institución e o compromiso da mesma para interceder e intentar que se poña unha solución o máis axiña posible.

O Mundo dos Cogomelos

Sábado 17 de novembro.

Horario: 16:00 - 18:00.
Punto encontro: área recreativa da Poza dos Agoeiros.

Actividade: charla introdutoria + roteiro para a observación de cogomelos + obradoiro de clasificación.

Limitado a 25 participantes.
Non se recolleran exemplares.

**Recoméndase levar caderno de campo para anotacións e cámara fotográfica.*

Inscripcións: medioambiente@salcedadecaselas.gal
Tfno: 986349003

Talleres Guiller Motor 

Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel/Fax 986 66 15 41



Panadería Pastelería

A Fogaza 

Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Pontearreas

Tel: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

SALCEDA DE CASELAS

En todas as reclamacións presentadas polos empregados e empregadas municipais, os xulgados denegáronlles o recoñecemento de trienios por non corresponderlles

As últimas sentenzas recibidas nestes días, seguen a avalar as decisións do Concello de Salceda en materia laboral. Os xulgados levan desestimado todas e cada unha das reclamacións interpostas contra o Concello por parte do persoal laboral para que se lle recoñezan os trienios procurando así a equiparación co persoal funcionario, que si os percibe por lei. Tódalas sentenzas que ata o de agora se recibiron (ata 7 dos Xulgados do Social

Os xulgados seguen a avalar as decisións do Concello en materia laboral

de Vigo) veñen a negar a posibilidade de percibir os trienios. A primeira delas foi ditada no 2015 polo Xulgado Social Nº5 de Vigo e confirmada polo TSX en xuño de 2016. Dende entón fóronse sucedendo diversas sentenzas onde os tribunais seguen a desestimar a reclamación dos trienios por parte do persoal laboral.

Xa son tres as sentenzas que recoñecen melloras salariais a outras tantas traballadoras municipais. Cabe destacar que estas melloras que

agora recoñecen os tribunais son practicamente iguais ás propostas polo equipo de goberno no borrador de RPT que foi imposible sacar adiante ante o desplante dos sindicatos. O Goberno mantivo a negociación da RPT ata o final, pero os representantes sindicais levantáronse das mesas negándose a negociar se non se atendía a algunhas das súas pretensións, que suporían entorn a 100.000€ de incremento de custe salarial a maiores do plantexamento inicial.

Lamentan dende o Equipo

de Goberno a actitude dunha parte do persoal municipal, que ven empregando nas últimas semanas comportamentos que se poderían considerar de acoso cara aos seus propios compañeiros e compañeiras, que se ven obrigados a participar de accións coas que non sempre están de acordo, como certas actitudes de falta de respecto que se veñen mantendo nos últimos Plenos Municipais.

A pesar desta difícil situación, o Equipo de Goberno mantén a súa intención de

negociar e chegar a acordos, tal como lle ten trasladado a nova Concelleira de Persoal, Loli Castiñeira, aos diferentes delegados dos sindicatos con representación no Concello de Salceda, tan pronto como tomou posesión do seu cargo.

Loli Castiñeira, Concelleira de Persoal: "Defendemos o dereito dos empregados e empregadas municipais a manifestarse na defensa dos seus intereses, pero non imos permitir o que está a acontecer nos últimos Plenos, con insultos e faltas de respecto contínuas cara o Equipo de Goberno. Proximamente voltaremos convocar a mesa de negociación para tentar desbloquear a situación".

Deportistas de innumerables disciplinas recibirán a súa homenaxe na I Gala do Deporte de Salceda

O Auditorio Municipal de Salceda de Caselas acollerá o venres 16 de novembro a primeira Gala do Deporte do municipio, na que se recoñecerá o traballo dos deportistas e as deportistas salcedenses, así como dos clubs tanto do municipio como os que non sexan de Salceda pero teñan un peso específico no concello.

A gala contará con premio á entidade que máis colabora co deporte, ó mellor evento deportivo, a unha vida adicada ao deporte, ao equipo mellor clasificado, ao mellor adestrador ou adestradora, á mellor escola base, ao deportista masculino e feminino con maior proxección e aos deportistas masculino e feminino absolutos. Así mesmo, contéplanse diversas mencións para recoñecer a outras persoas e entidades vinculadas ao mundo do deporte.

Para elixir ás persoas e entidades galardonadas, constitúuse unha Mesa formada por



representantes dos clubs deportivos do municipio, así como polas tres formacións políticas con representación no Concello de Salceda. Dita mesa reunirse mañá martes por segunda vez para elaborar xa a listaxe definitiva de galardonados.

A Mesa nomeou ademais o padriño da gala, Luis Alonso, mestre xubilado de educación física polo que pasaron a inmensa maioría dos e das deportistas salcedenses, e cúa elección foi ratificada por unanimidade na primeira convo-

catoria da mesa.

A gala estará conducida pola xornalista da TVG Ana Pérez, e para asistir será indispensable contar co convite de asistencia.

O Concello de Salceda pretende con esta primeira edición facer un merecido recoñecemento a tantas persoas que levan destacado no mundo do deporte e ás que, en moitas ocasións, non se lles recoñeceu o seu traballo. Salceda segue a ser berce de grandes deportistas, polo que a continuidade desta gala está garantida.

Salceda saca a concurso o servizo de cafetería do Centro Social da Devesa



O Concello de Salceda de Caselas ven de publicar o expediente de adjudicación da concesión demanial para a explotación da cafetería do Centro Social A Devesa. A xestión da cafetería adjudicarase por un período de seis anos.

O Centro Social da Devesa, ubicado na rúa Vigo, acolle diversas actividades de ocio ao longo de todo ano (coro, teatro, zumba, ioga, guitarra...), ademais de iniciativas de índole social, como o Programa de Respiro Familiar para os enfermos/as de Alz-

heimer. Así mesmo, serve de sede para asociacións sociais como a de Mulleres Rurais ou a de Xubilados e Pensionistas. Toda esta actividade garante unha presenza contínua de usuarios/as no edificio, polo que o servizo de cafetería do mesmo resulta de gran importancia, e así o levan demandado diversos colectivos. A isto hai que sumar a humanización de toda a zona aprobada xa para o 2019, que sen dúbida contribuirá á dinamización do centro social e, polo tanto, tamén da cafetería.

LOURIÑA

O PORRIÑO

O Goberno local amosa que o PP do Porriño é o culpable de que non se paguen as facturas aos provedores do Concello

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, e o tenente de alcalde, Manuel Carrera, compareceron este mércores en rolda de prensa para saír ao paso do que a rexedora cualficou de “mentiras e insidias” do Partido Popular local que, nas últimas datas, acusou, por medio do seu presidente, Manuel Alejandro Lorenzo, ao Goberno local de ‘fraude’ en relación coas facturas pendentes de pago a provedores do Concello.

García de la Torre adiantou que esta sería a “primeira e única vez” que respstaría aos populares sobre este tema que, lembrou, xa explicara voluntariamente diante do Pleno da Corporación e no que, sinalou amosando a resolución, fora xa arquivado polo Tribunal de Contas en xaneiro deste mesmo ano.

A alcaldesa amosou as caixas coas “numerosas” sentencias xudiciais que condenaron ao Concello do Porriño, durante o mandato do anterior goberno, do cal Manuel Alejandro Lorenzo era concelleiro, ao pago de



A alcaldesa Eva García de la Torre e o tenente de alcalde Manuel Carrera en rolda de prensa.

facturas a distintas empresas e autónomos por servizos prestados e que non foron abonados polo propio Concello, e ofreceu aos xornalistas unha relación, moi polo miúdo, dos recoñecementos xudiciais de creto impulsados polo goberno presidido por Nelson Santos, entre 2010 e 2014, e que supuxeron o pago por parte do Concello do Porriño de máis de 9,5 millóns de euros en facturas.

García de la Torre e Carrera lembraron que, “na máxima expresión do cinismo, do descaro e da sinverzonza”, o Partido Popular fora quen de, primeiro votar en contra no Pleno da Corporación de pagar 1,7

millóns en facturas xeradas durante o seu mandato e, de seguido, denunciar diante do Tribunal de Contas a resolución da propia Corporación na que se aprobaba o pago das devanditas facturas, “un feito inédito que amosa que o PP está disposto a todo con tal de paralizar o funcionamento do Concello, un comportamento que só e exclusivamente perxudica ás veciñas e veciños do Porriño”.

Como proba deste proceder do Partido Popular, García de la Torre amosou os xuros e gastos de máis de 525.000€ que o Concello do Porriño tivo que abonar “pola teima

do anterior Goberno local” de non cumprir cunha sentenza xudicial do ano 2009 que condenaba ao Concello a pagar unha cantidade de pouco máis de 533.430 €. “Esos 525.000 € abranguen 28.319€ en costas e 32.650€ e gastos de avogados”, á vista desta sentenza.

A alcaldesa e o tenente de alcalde quixeron deixar craro, “para tranquilidade dos porriñeses, e dos nosos provedores” que O Porriño é un concello solvente que tén máis de 9 millóns e medio de euros ‘no banco’ logo de que o actual Goberno municipal herdase unha débeda de 1,3 mi-

llóns e sinalaron, directamente, ao Partido Popular de ser o responsable, “fundamental e a sabendas do que fai”, de evitar o pago das facturas pendentes ás pequenas empresas e autónomos que prestaron os seus servizos ao Concello e que agora, “por ese bloqueio, constante e interesado do PP”, terán que cobrar esas débedas por vía xudicial o que fará que as porriñesas e porriñeses teñan que pagar, “ademais desas débedas, intereses de demora e custos dos xuízos”.

Eva García de la Torre e Manuel Carrera adeiantaron que o vindeiro luns, día 12, o Goberno local propondrá á Corporación o recoñecemento extraxudicial de creto por un total de 1.780.000€ en facturas que adebeda o Concello na actualidade, na súa meirande parte a pequenas empresas e traballadores autónomos do Porriño e pediron, de novo, ao PP, que non impida que as mesmas “cobren por uns subministros e servizos que teñen prestado ao Concello”.

O Porriño distinguido como “Cidade amiga da infancia”

Na reunión celebrada o pasado 25 de outubro, a Secretaría Permanente do Programa Cidades Amigas da Infancia (CAI), representada por membros pertencentes a UNICEF Comité Español; Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social; Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Instituto Universitario de Necesidades de Dereitos da Infancia e a Adolescencia (IUNDIA), acordou galardoar ao Concello de Porriño co Recoñecemento ‘Cidade Amiga da Infancia’ no marco da VIII Convocatoria de Recoñecementos 2018-2022.

UNICEF sinala que “o recoñecemento

pon en valor o labor do Concello, en coordinación coas entidades locais e cos nenos e nenas, para liderar o proceso continuo de implementación de políticas e medidas que melloran o benestar da infancia e adolescencia no municipio”.

O do Porriño é xa un dos Gobernos Locales que veñen de situar á Infancia no centro das súas políticas. Na actualidade, o 41% das nenas, nenos e adolescentes que viven en España, son veciños dunha Cidade Amiga da Infancia.

O acto de entrega do galardón, terá lugar no Palacio de Exposicións e Congresos de Oviedo, o 27 de novembro.

O BNG do Porriño organiza unha recollida de sinaturas a prol dunha tarifa eléctrica galega

O BNG do Porriño iniciou unha campaña de recollida de sinaturas para reclamar unha tarifa eléctrica galega, a supresión dos suplementos territoriais que gravan a factura eléctrica e a redución do IVE que se lle aplica ao subministro eléctrico do 21% ao 4%.

“Porque é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos so-



ciais e medioambientais que deben sernos compensados.”

A recollida de sinaturas levana a cabo os venres a partir das 19 horas nun posto instalado na Praza do Concello.

O PORRIÑO

A Alcaldesa do Porriño solicita a baixa voluntaria do PSdeG-PSOE

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, vén de solicitar a súa baixa temporal coma militante do Partido dos Socialistas de Galicia (PSdG-PSOE) en tanto non se resolva o procedemento xudicial no que ten que declarar o vindeiro día 22 deste mes.

García de la Torre toma esta decisión no seu desexo de salvagardar e defender o bo nome do PSdG, formación da que forma parte dende hai moitos anos.

Eva García de la Torre seguirá á fronte do Goberno local do Porriño na súa firme confianza na xustiza e o seu total convencemento de que o procedemento xudicial no que está inmersa será favorable para ela, dada a súa inocencia.

No mesmo momento no que sexa exonerada de responsabilidade, pedirá o seu reingreso no Partido dos Socialistas de Galicia e optará á designación coma candidata do mesmo á Alcaldía do Porriño nas Eleccións Municipais de maio de 2019.

Presunto delito de falsidade documental como letrada

O Xulgado do Penal 1 de Pontevedra acollerá o vindeiro 22 de novembro, ás 9:30 h, o xuízo oral contra Eva García de la Torre por un delito de falsidade documental relacionado coa súa actividade como letrada.

A fiscalía pide unha pena de dous anos e medio de cárcere e inhabilitación para cargo público polo mesmo tempo. Eva García está acusada de entregar aos veciños da Urbanización Pousa do Bispo, que defendía fronte á promotora, un documento falso a través do seu correo electrónico. Os feitos aconteceron sendo xa Alcaldesa do Porriño.

Os feitos aconteceron cando, no mes de maio de 2015, o Xulgado de Primeira Instancia n 1 de Tui dictou sentenza estimando íntegramente a demanda duns 32 veciños propietarios das vivendas da Urbanización Pousa do Bispo condenando á promotora a executar os trámites precisos para que se produxese a recepción efectiva da urbanización polo Concello de Tui co

fin de que poidera ser expedida a licenzia de primeira ocupación das vivendas.

A sentenza foi favorable aos propietarios pero, pasados os meses a execución non se facía efectiva. Ante esto, os propietarios preguntaron á súa letrada, Eva García, se se tiña solicitado a execución da sentenza, ao que, tal e como denuncian, Eva García, xa Alcaldesa do Porriño, respostou remitíndolles un documento de execución de títulos xudiciais, presuntamente, falso. Os veciños aos que ela representaba por aquel entón, decatáronse da posible falsificación do documento ao constar no mesmo o Xulgado do Porriño, cando os feitos estaban a ser instruídos nos xulgados de Tui.

Con tal motivo, o 1 de xuño do ano 2017 tivo entrada no xulgado de primeira instancia 1 de Tui unha denuncia de varios propietarios contra Eva García Tras finalizar a instrución da causa, finalmente presentase acusación contra Eva García por un presunto delito de Falsidade Documental e decretase apertura de xuízo oral.

A biblioteca premiada, de novo, polo goberno de España

A Biblioteca Municipal, que depende directamente da Alcaldía do Porriño, volveu a ser galardoada nos premios de animación á lectura "María Moliner" que convoca anualmente o Ministerio de Cultura.

Con esta xa son 14 as veces que a biblioteca porriñesa ten sido recoñecida nestes galardóns como unha das 300 mellores bibliotecas do Estado, destacando ademais en anos pasados a obtención do 1º Premio Nacional e dunha Mención Especial.

Este ano soamente catorce bibliotecas galegas, catro delas na provincia de Pontevedra, foron seleccionadas nestes premios, os máis importantes no ámbito bibliotecario de España.

O galardón, dotado cun premio en metálico de 1.700 €,

ten por obxecto premiar aquelas bibliotecas que leven a cabo proxectos de animación á lectura en base a criterios como a claridade e o interese do proxecto para a animación lectora, a boa planificación e viabilidade, a orixinalidade e a innovación, ou as actividades de integración social que conteñan as propostas.

A Biblioteca Municipal do Porriño participou no certame co proxecto "A túa biblioteca é + 2018", unha ampla programación cunha serie de accións e actividades que se desenvolven ao longo de todo o ano, e que están tendo unha gran resposta de público. O proxecto pretende realzar a biblioteca como espazo de aprendizaxe e de inserción, para aumentar o valor social dos servizos bibliotecarios na súa comunidade.



O BNG insta á Xunta a retirar a modificación da Lei do Solo coa que pretende legalizar un macrocentro comercial en Mos

O Deputado do BNG Luis Bará reclamará no Parlamento Galego a retirada da proposta de modificación da Lei do Solo tramitada a través da Lei de Acompañamento dos Orzamentos de 2019, coa que se pretende legalizar a expropiación dos terreos para a cidade deportiva e o macrocentro comercial do Real Club Celta nos montes de Tameiga, Peireiras e Cela. O BNG insta ademais á Xunta a rexeitar a autorización para modificar o Plan Xeral de Mos e evitar a desfeita social, ambiental e económica que provocaría este proxecto.

Bará explicou a iniciativa parlamentaria na sede local do BNG en Mos e denunciou as irregularidades do proxecto. Segundo o deputado, "todo o proceso de tramitación cheira a cacicada e a cambalache", xa que se realizou primeiro o anuncio, nun acto público no que participaron a alcaldesa e o presidente da Xunta, para forzar posterior-

mente os cambios legais e os informes favorables que permitan materializar o pelletazo urbanístico. Na opinión de Bará, "a Xunta e o Concello queren favorecer a entrada de grandes grupos empresariais e fondos de especulación que levan anos intentando instalarse na comarca de Vigo".

O Goberno Municipal iniciou xa os trámites para modificar o PXOM e cambiar a cualificación dos terreos, de protección forestal, para destinalos a usos terciarios e dotacionais. O candidato do BNG á alcaldía de Mos, Gustavo Barcia, compareceu xunto a Bará e denunciou que o goberno de Nidia Arévalo quere declarar a actuación de utilidade pública "para poder realizar as expropiacións e logo entregar os terreos a unha empresa privada". Entende ademais que a Xunta, se autoriza a modificación do Plan Xeral, fará "un uso perverso das leis coa intención de favorecer un proxecto e un promotor privado".



O Deputado do BNG Luis Bará e o candidato do BNG á alcaldía de Mos, Gustavo Barcia, en rolda de prensa.

Artigo 117 bis

A Xunta coou, na Lei de Acompañamento dos Orzamentos de 2019, unha modificación da Lei do Solo co obxectivo de facilitar a proxecto promovido polo Real Club Celta en Mos. De acordo co artigo 117 bis, redactado a medida para legalizar esta actuación, "poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto

prezo, e executen as obras de urbanización".

Na iniciativa parlamentaria, o BNG reclama a retirada da modificación da Lei e solicita unha moratoria na autorización de macrocentros comerciais. Ademais, recorda que o proxecto do Celta conta cun forte rexeitamento da veciñanza, xa que vai ter un forte impacto negativo no monte, nas augas e na contorna tanto pola construción dos equipamentos deportivos e comerciais como pola construción dos accesos desde a autovía A55.

"El Rey León" en Mos

Xa están á venda as entradas para o novo concerto musical que se celebrará en Mos enmarcado na programación de "Ocio en Familia".

Trátase do tributo musical titulado "El Rey León: De Simba a Kiara", da man da Compañía OnBeat. É un increíble espectáculo que reúne todas as características ideais para que tanto maiores coma pequenos compartan un rato especial entre música e voces en directo, coreografías e escenificacións magníficas que farán aos espectadores introducirse hasta o máis profundo da sabana, dende a filosofía de vida "vive e sé feliz", coa súa maxia e os seus personaxes máis emblemáticos das tres películas de "El Rey León".

Este musical terá lugar o domingo 9 de decembro ás 18.00 horas no Centro Dotacional de Torroso, e as entradas, cun custe de 12 euros, xa se poden adquirir no Centro Dotacional de Torroso, no Kiosco Sendín en Vigo e na web www.woutick.es



Ecocelta co campo galego

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crta. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas

